

Onde conseguila?

No 2015 comezou na UDC a emisión instantánea da tarxeta de identificación universitaria (TUI) para todos os membros da comunidade, que che permite levar en poucos minutos a túa tarxeta e gozar das súas vantaxes desde o primeiro momento.

Para iso simplemente terás que acudir a calquera dos puntos de emisión habilitados, despois de facer a matrícula/contrato ou cando empeces o curso, levando tan só o documento acreditativo (dni, pasaporte etc.) co que estás matriculado/contratado; alí realizaranche a foto que aparecerá despois na tarxeta e tamén terás que escoller o pin co que te identificarás nos diversos servizos da UDC (biblioteca, control de accesos etc.)

PUNTOS FIXOS DE EMISIÓN

A Coruña

Campus de Elviña. Oficina de campus do Banco Santander. Pavillón de Estudantes
Teléfono: 981 296 387

Ferrol

Campus de Esteiro. Oficina de campus do Banco Santander. Edificio de Apoio ao Estudo
Teléfono: 981 359 310

HORARIO

- **martes e xoves**, en horario de **09:00 a 13:00** e de **16:00 a 17:00**

NOTA: Por mor da alerta sanitaria estas oficinas permanecerán temporalmente pechadas

CADUCIDADE

As tarxetas que non teñen conta asociada seguen estando operativas pese a que xa finalizara a data de caducidade. Se a túa tarxeta caducou e por calquera motivo necesitas unha con data de caducidade en vigor dirixete aos puntos de emisión.

Notas:

- Se xa non tes vinculación coa universidade e queres unha tarxeta para acceder ao préstamo de libros na biblioteca como usuario externo, consulta esta ligazón
- Se no punto de emisión non puides obter a tarxeta por algún destes erros debes facer o seguinte:
 - *ERROR-02* (o usuario non ten dereito a tarxeta) contacta coa administración do teu centro (estudante) ou coa unidade organizativa que che realizou o contrato (persoal da UDC) para que che revisen a matrícula ou o contrato.
 - *ERROR-00, ERROR-01, ERROR-03* abre unha incidencia (**Informar sobre unha incidencia da TUI**) reportando o erro.
- Algúns servizos da tarxeta universitaria, como o préstamo de libros na biblioteca ou o control de acceso a edificios, requiren da activación previa no portal de Servizos da universidade, polo que é recomendable rexistrarse en <https://servizo.s.udc.es> antes de obter a tarxeta nos puntos de emisión.